

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB1111QI	<i>Expediente</i> XOB/299/2017	<i>Fecha</i> 04-08-17 11:13



*Asunto*  
SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR CON  
DÚAS ROZADORAS (ORZAMENTOS  
PARTICIPATIVOS)

*Interesado y Localización de la Actividad*  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SERVIZO DE  
PROXECTOS E OBRAS  
Rua VIA PASTEUR- POLÍGONO DO TAMBRE 14 SANTIAGO DE  
COMPOSTELA (A CORUÑA)  
NAVE DA BRIGADA DE VIAS E OBRAS

15078DXOB1111QIy



EXPEDIENTE: **SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR CON DÚAS DESROZADORAS**  
ASUNTO: **PROPOSTA DE ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA O SUBMINISTRO  
DUN (1) TRACTOR CON DÚAS (2) DESROZADORAS**

O obxecto do presente informe é establecer unha proposta das características técnicas para a contratación do subministro dun tractor, con dúas desbrozadoras, destinado á labores de roza e limpeza de cunetas das pistas dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

As especificacións técnicas propostas son as seguintes:

### 1. Tractor

- **Motor:** Motor fase de emisións Tier Final 4, con inxección de alta presión non inferior a 1.900 bares. Equipado con 4 ou máis cilindros e cunha cilíndrada mínima de 4.500 centímetros cúbicos. A potencia nominal debe ser non inferior a 115 cabalos segundo a norma 97/68/EC, sen xestión intelixente de potencia. A potencia máxima segundo a citada norma debe ser superior a 120cv.
- rango de potencia constante debe estar situado entre 1.600 e 2.100 r.p.m.
- **Transmisión:** A transmisión será de polo menos 20 marchas adiante e outras tantas para atrás con accionamento do sentido da marcha mediante investidor electrohidráulico.
- **Eixe dianteiro:** Equipado con tracción e suspensión dianteira para a mellora da seguridade e ergonomía do traballo dotada dun mínimo de 100 mm de percorrido.
- **Freos:** O tractor estará dotado de freo de servizo: de disco en baño de aceite, con accionamento hidrostático, por pedais independentes en cada roda. Ademais equipará un freo de estacionamento, totalmente independente do de servizo
- **Rodas:** Serán as adecuadas para os traballos de roza en pista. A oferta detallará as medidas das rodas.
- **Cabina:** A cabina estará dotada con seguridade antivuelco, totalmente acristalada para a mellora da visibilidade do operador, con peche de chave nas portas. A columna da dirección será axustable en inclinación e profundidade para a mellor ergonomía dos operarios. Neste sentido requírese unha visibilidade desde a cabina, superior aos 300º desde o posto do operador.
- **Toma de forza:** Provista de embrague independente para o accionamento do sistema hidráulico da rozadora
- **Autonomía de traballo e consumo de urea:** Requírese un mínimo de 170 litros de gasoil no depósito de combustible e un depósito de urea non superior aos 12 litros, o que será indicativo do menor consumo deste fluído.
- **Dimensións:** Requírese dun tractor compacto para a súa facilidade no traballo principal que será a roza nas pistas do Concello, para o que a súa distancia entre eixos non debe ser superior a 2.450mm. A lonxitude máxima sen a máquina enganchada será de 4.750mm. A altura máxima da cabina será de 2.780 mm. A altura libre ao chan será superior aos 485mm.
- **Peso:** O tractor será tan robusto como para soportar un peso máximo autorizado superior aos 8.600 Kgs. e será o adecuado para traballar coa máquina complementaria da oferta.

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB1111QI	<i>Expediente</i> XOB/299/2017	<i>Fecha</i> 04-08-17 11:13

- **Capot:** Con paneis laterais que cubran completamente o motor para seguridade dos operarios
- **Luces:** As esixidas pola lexislación vixente para circular por estrada. Levará sinalización intermitente de emerxencia, así como torreta giratoria de luz destellante cor ámbar no teito da cabina.
- **Documentación:** O tractor entregárase co manual do operador, documentado e con serigrafiado do escudo da entidade local.

## 2. DESBROZADORA 1:

Requírese dunha máquina pequena e compacta para o tractor solicitado. Dita máquina rozadora será de brazo de accionamiento hidráulico con brazo articulado con reforzos de fundición. A lonxitude máxima será inferior aos 520 cm. O seu peso máximo será de 1.300 kg co cabezal incluído. O ángulo de xiro horizontal de seguridade será inferior a 110°. O ángulo de inclinación vertical do cabezal respecto ao brazo será como mínimo de 230°. A velocidade de xiro de rotor non será inferior a 3.100 r.p.m.

## 3. DESBROZADORA 2:

Requírese dunha máquina rozadora de brazo mais grande, que deberá estar dotada de accionamiento hidráulico con brazo articulado con reforzos de fundición. A lonxitude máxima será inferior aos 660 cm. O seu peso máximo será de 1.500 kg co cabezal incluído. O ángulo de xiro horizontal de seguridade será inferior a 110°. O ángulo de inclinación vertical do cabezal respecto ao brazo será como mínimo de 230°. A velocidade de xiro de rotor non será inferior a 3.100 r.p.m.

Santiago de Compostela, 04 de agosto de 2017  
O Xefe do Servizo de Proxectos e Obras

Asdo. Antonio Ranedo Santillana

